

ANO 2025

# ANUARIO

Fundación Manuel María de Estudos Galegos



**CASA — MUSEO**  
**MANUEL MARIA**



# Índice



|                                                                                     |    |
|-------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Introdución                                                                         | 02 |
| Programa de visitas á Casa Museo Manuel María                                       | 03 |
| Publicación de obras de Manuel María                                                | 04 |
| Publicacións para a difusión da figura e a obra de Manuel María                     | 05 |
| Publicación do 3º Concurso Manuel María de Composicións Musicais                    | 06 |
| Celebración anual do espectáculo Lúas de Outono                                     | 07 |
| Celebración anual do Convivio da Cultura Galega                                     | 08 |
| Certame Manuel María de Proxectos Teatrais                                          | 09 |
| Celebración Anual do Concurso Manuel María de Composicións Musicais                 | 10 |
| Concurso Escolar Anual de Recitado de Poesía Rosalía Sempre Viva                    | 11 |
| Concurso Anual de Videopoemas sobre Composicións Poéticas de Rosalía e Manuel María | 12 |
| Clube de Lectura Saleta                                                             | 13 |
| A Biblioteca e os Fondos Documentais da Casa-Museo Manuel María                     | 14 |
| Exposicións en volta de Manuel María e outras figuras da literatura galega          | 15 |
| O coñecemento de Manuel María: Camiñando a Terra                                    | 16 |
| Programación cultural da Casa-Museo                                                 | 17 |

# ANUARIO 2025

## Introdución

A nosa Fundación acumula 18 anos de funcionamento co obxecto central de custodiar e difundir o legado de Manuel María, tanto no que se refire ao seu corpus literario como á súa propia traxectoria vital. Manuel María, produciu unha das obras creativas de maior entidade entre as publicadas na segunda metade do século XX. Unha obra extensa e variada, quer en xéneros literarios, quer en temática e rexistros empregados, desde a fidelidade á lingua galega e contribuíndo, desta maneira, á súa rica tradición literaria.

A Fundación Manuel María acrecentou a súa actividade coa apertura, en 2013, da Casa-Museo Manuel María. Con este equipamento a fundación reforzou o seu propósito de que o pobo galego, destinatario natural da obra de Manuel María, teña coñecemento dela e do seu legado.

Pois ben, coa idea de ofrecer unha ollada da actividade da propia Casa-Museo e da Fundación Manuel María ao longo deste 2025, tes nas túas mans, fisicamente ou virtualmente, o anuario. Elaborado por amigas e amigos da Casa-Museo, pon en valor a labor de tantas persoas que contribúen co seu traballo e voluntariado para a difusión do acervo de Manuel María. Contributo que agradecemos inmensamente.



## Programa de visitas á Casa-Museo Manuel María

A Casa-Museo Manuel María ten como propósito achegar a figura de Manuel María e a súa obra ao pobo galego. Os seus distintos espazos e cuartos exhiben o seu importante legado que levan as persoas que a visitan a encontrarse co universo íntimo e creativo do escritor e coa realidade do país que viviu.

A narrativa da memoria que se sucede durante o percurso polas distintas estancias apóiase constantemente na obra de Manuel María e traduce emoción, intimismo, amor, nostalxia, valorización da cultura e o idioma propio de Galiza, preocupación e compromiso co país, sensibilidade e identificación pola paisaxe e o medio natural... É, por tanto, un espazo que propicia aprendizaxes significativas, duradeiras e efectivas a través de distintas actividades cheas de emoción, e non só de coñecementos.

Todo isto puideron tiralo as persoas que visitaron durante este ano 2025, maiormente a través das modalidades de visita familiar (fins de semana e festivos), intercambios culturais con outras entidades e de visitas escolares (calquera día da semana).



*Por eles,  
por Galiza  
ten verdadeiro  
sentido  
a nosa vida*



*-Manuel María  
[Proba documental]*



## Publicación de obras de Manuel María con edicións esgotadas

Un labor fundamental ao redor da obra de Manuel María é a súa publicación e difusión. A amplitude da produción de Manuel María obríganos a realizar este traballo progresivamente. Este ano puxemos a disposición do público: *Cantigas e cantos de Pantón*



*¡Berra pola luz e pola xente  
e comeza, sen máis a combater!*

*-Manuel María  
[Poemas ao outono]*

## Publicacións para a difusión da figura e a obra de Manuel María

Publicación da colección literaria "O poeta Manuel María..." para primeiros lectores, que pretende achegar dun xeito atractivo ás persoas máis novas a figura de Manuel María e as temáticas e valores que o mobilizaron na súa vida. A colección está elaborada polo humorista gráfico, debuxante e guionista de banda deseñada Pepe Carreiro, e polo tamén debuxante e ilustrador, Abraham Carreiro. Este ano publicamos: o número 7 e está en preparación o número 8.

\*O número 7 que leva por título O poeta Manuel María non dorme de noite

\*O número 8 que leva por título O poeta Manuel María encontra a Estantiga (en preparación)



## Publicación do 3º Concurso Manuel María de Composicións Musicais

Publicación das partituras das obras gañadora e finalistas de 2024 que se distribuíu entre as escolas de música e conservatorios de Galiza.



*¡Hai que defender a fala con man dura  
pois precisamos da fala para salvarnos!*

*– Manuel María  
[Canciós do lusco ó fusco]*

# Celebración anual do espectáculo Lúas de Outono

Celebramos a XVIª edición desta homenaxe anual a Manuel María que se vén desenvolvendo no mes de setembro na Coruña e que consiste nunha velada artística (poesía, música, teatro, audiovisual, maxia, danza...). Este ano foi o 24 de setembro e contamos coa música de Casás&Barcia que fixeron unha actuación por volta das melodías e coplas da poesía popular galega, alén de interpretaren algúns poemas de Manuel María.



## Celebración anual do Convivio da Cultura Galega

O segundo sábado do mes de xullo celébrase desde hai doce anos o Convivio da Cultura Galega, un encontro de entidades culturais de toda Galiza coorganizado pola Fundación Manuel María, a Federación Galiza Cultura e a Asociación Cultural e Musical Solfa. O lugar do encontro é a carballeira de Santa Isabel, nun formato de romaría popular. En 2025 celebrámolo o 12 de xullo.



## Certame Manuel María de Proxectos Teatrais

Co obxecto de levar á escena a ampla produción teatral de Manuel María, convocamos este concurso de periodicidade bienal desde o ano 2018 e, por tanto, estamos xa na 4ª edición. Está dirixido para compañías profesionais.

*Berenguela na gaiola*, resultou a proposta gañadora da IVª edición. Proxecto das compañías Xarope Tulú e Galeatro, con dirección de Paula Carballeira, comezou a representarse no último trimestre de 2025 e estará nos cenarios durante todo o 2026.



## Celebración anual do Concurso Manuel María de Composicións Musicais

A Casa-Museo convoca anualmente, desde o ano 2022, un certame que ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María. A actividade é aberta á participación de todas as compositoras e compositores que o desexan. As cancións deben ser orixinais, inéditas, sen estrear, cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio e a composición ten de ser sobre un poema, de libre elección polas persoas concursantes, de entre todos os escritos por Manuel María.

En 2025, Tenrura, de Manuel Pacheco Sánchez, foi a canción gañadora.



## Concurso Escolar Anual de Recitado de Poesía *Rosalía Sempre Viva*

Imos pola nona edición deste concurso de recitado sobre poemas de Rosalía e Manuel María. Está destinado ao alumnado non universitario (primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos). O concurso ten por obxectivo a potenciación da expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e recitado da obra de Rosalía e Manuel María.

En 2025, as gañadoras foron:

-Primeira categoría: Noa Barcia Ausina, do CEIP Mestre Pastor Barral de Melide, co poema "A estrela sen nome" de Manuel María.

-Segunda categoría: Pedro Crespo Araujo, do CEIP A Lomba de Vilagarcía de Arousa, co poema "Galiza".

-Terceira categoría: Alejandra Landeria Rey, do IES de Oroso, co poema "A xustiza pola man" de Rosalía de Castro e Fiama del Canto Sogodo IES Valle Inclán de Pontevedra, polo recitado do poema "O moucho" de Rosalía de Castro.



## Concurso Anual de Videopoemas sobre Composicións Poéticas de Rosalía e Manuel María

Este ano celebrouse a sétima edición deste concurso anual dirixido para mozas e mozos desde primeiro da ESO até Bacharelato, incluíndo Ciclos Formativos, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María.

Rosalía Rodríguez Craven, do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, co videopoema *Estranxeira na súa patria*, e Sara Espiño Vaamonde, do IES A Pontepedriña de Santiago de Compostela, co videopoema *Castellanos de Castilla*, resultaron as gañadoras.



## Clube de Lectura Saleta

En febreiro de 2018 constituíse un Clube de Lectura na Casa-Museo que está conformado por quince persoas. As sesións e lecturas en 2025 foron as seguintes:

- 8 de marzo, A Esmorga de Eduardo Blanco Amor
- 10 de maio, Comida para gatos e outras delicatessen indixestas de Luz Darriba
- 14 de xuño, As voces baixas de Manuel Rivas
- 20 de setembro, Detective Ferruchi de Marta Villar e Voitres de Miguelanxo Prado
- 15 de novembro, O corpo de Cristo de Bea Lema



[illegible]

## Exposicións en volta de Manuel María e outras figuras da literatura galega

As exposicións veñen sendo outra forma de difundir a obra de Manuel María e o coñecemento da súa figura. Segundo a demanda, fundamentalmente dos centros educativos, fomos elaborando distintas alternativas de xeito que na actualidade circulan permanentemente as seguintes catro exposicións:

- Rosalía sempre viva. Viva Rosalía!
- Manuel María, a palabra viva
- Manuel María. Beleza, amor e compromiso
- O Miño, canle de luz e néboa



## O coñecemento de Manuel María: Camiñando a Terra


Todos os anos realizamos diferentes camiñadas e descubertas do patrimonio cultural, artístico, natural... de distintos lugares do país acompañándonos de escritos de Manuel María con vinculación co territorio que percorremos. As camiñadas realizadas durante o 2025 foron:

- 8 de xuño, camiñada pola parroquia de Vicente, en Outeiro de Rei.
- 28 de setembro, camiñada por Terras de Aguiar, en Outeiro de Rei.



# Cartografía Dixital: Polos camiños da terra con Manuel María

Cartografía literaria dixital que contén puntos xeorreferenciados de distintos lugares do país vinculados á obra de Manuel María. Continuamos incorporando novos puntos. En cada un de estes facemos unha descrición do lugar, a relación do autor con esta localización, o texto literario de Manuel María referido a este sitio, e outra documentación como fotos, audios e inclusive vídeos.



*¡E que amencerá o sol e a liberdade  
porque o espírito da terra está con nós!*

*-Manuel María  
[Mar maior]*

## Programación cultural da Casa-Museo

Entre os meses de outubro a xuño desenvólvense na Casa-Museo diferentes actividades culturais destinadas a un público diverso: teatro, contacontos, música, maxia, recitados, presentación de libros...



18 de xaneiro: Os Jalochos con "A Landra viaxeira e o amigo Lambón"



25 de xaneiro: Palestra de Richi Casás, "Fuliada na vila (o cantar de Rosa e Adolfin)"



1 de febreiro: Palestra de Manuel Rei Romeu, "O pensamento de Castelao"



8 de febreiro: Cé Orquestra Pantasma con "Animalada"



15 de febreiro: Curtametraxe de Pepe Coira "Evocando Canto de emigración" (curtametraxe)



## Programación cultural da Casa-Museo



8 de marzo: Trécola Producións "The Piccole Theatre" (monicreques)



22 de febreiro: Música, recital poético e audiovisual do grupo Ouriol, "Fiar na palabra"



15 de marzo: Boubá en concerto



29 de marzo: Quico Cadaval, narración oral, con "50 anos a contar historias. Notas a rodapé"



## Programación cultural da Casa-Museo



✓ 5 de abril. Branca Villares e proxecto Consoante "Por que cantan as mulleres?" Concerto

✓ 12 de abril: Xabier Iglesias e Montse Rivera coa peza teatral "María Balteira, a pandereteira primeira"



## Programación cultural da Casa-Museo



26 de abril. Documentario "Cardoña, fotos a sete pesetas"



24 de maio. Sole Felloza, narración oral, "Paseo por Outeiro de Rei"



## Programación cultural da Casa-Museo



31 de maio: Fran Rei e Félix Rodríguez coa peza teatral "Máis saabor!"



18 de outubro: Pakolas "Ecoralia, a lambona ecolóxica"



## Programación cultural da Casa-Museo



5 de outubro: Proxección de "Prefiro condenarme" de Margarita Ledo Andión



8 de novembro: Palestra de Pepe Cunha, "Un repaso á historia da música pop en galego"




## Programación cultural da Casa-Museo



15 de novembro: Concerto de Catro nun zoco



22 de novembro: "Pasma de pedra" de Mircromina Títeres



# Programación cultural da Casa-Museo



29 de novembro: Lideira en concertos



6 de decembro: Música Miúda "A historia de Bemol Pequeno"



13 de decembro: Panosedán en concerto, "Rosas e cravos"



# CASA – MUSEO MANUEL MARIA